



## ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE SISTEMAS DE INFORMACIÓN DE APOIO NA XESTIÓN DOS INSTRUMENTOS DE RECUPERACIÓN DA TERRA AGRARIA DE GALICIA.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural Rural (Agader), creada como un ente de dereito público en virtude da disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, e actualmente adscrita á Consellería do Medio Rural en virtude do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, constitúese como o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia no fomento e na coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, para mellorar a as condicións de vida e evitar o despoboamento dese territorio.

As súas funcións están descritas no Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Axencia (*DOG* núm. 77, do 20 de abril), posteriormente modificadas polo artigo 2º da Lei 12/2008, do 3 de decembro (*DOG* núm. 244, do 17 de decembro), e polo apartado dous da disposición derradeira da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (*DOG* núm. 250, do 30 de decembro).

Entre outras, correspóndelle a Agader elaborar estratexias e plans integrados de coordinación de actuacións de diversa natureza no medio rural, así como promover e incentivar a cooperación entre os axentes públicos e privados nos que as súas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais

Actualmente estase tramitándose en sede parlamentaria a **Lei de recuperación da terra agraria de Galicia** para uso agrícola, gandeiro e forestal, co fin de acadar un desenvolvemento económico e social sostible no medio rural. O apoio á actividade agrícola e aos ingresos das explotacións agrarias familiares e nomeadamente ás mulleres agricultoras, o fomento da aplicación de prácticas agrícolas que contribúan ao mantemento dos ecosistemas e incrementen a capacidade de adaptación ao cambio climático, o fomento da xestión forestal sostible e activa, e a loita contra a degradación e o abandono dos solos agrarios son cuestións transversais presentes nesta lei, e eixos fundamentais do Pacto Verde Europeo, moi especialmente da Estratexia da Granxa á Mesa incluída nel, así como da Acción polo Clima e da Estratexia Forestal da Unión Europea.

Os instrumento de planificación son o marco para a ordenación dos usos do territorio rural. A localización das actividades agroforestais nos emprazamentos máis axeitados contribúe en grande medida ao seu éxito e, consecuentemente, favorece o progreso económico e a



cohesión social do territorio rural. A planificación dos usos do solo facilita unha maior eficiencia económica das actividades agrarias ao mesmo tempo que garante a súa sostibilidade ambiental. A posta a disposición da información, así como o desenvolvemento de sistemas de información que permitan xestionar, difundir e optimizar a toma de decisión respecto destes instrumentos de ordenación -incluíndo o seu coñecemento por parte dos agricultores, gandeiros e silvicultores interesados- representan un eixo esencial para a eficiencia na consecución dos obxectivos que se definen na Lei de recuperación da terra agraria que, como se expuxo, está en tramitación parlamentaria.

Neste contexto, Agader ten previsto formalizar coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante, Amtega) o instrumento convencional arriba referenciado, co fin de establecer as pautas que seguirán ambas entidades para o desenvolvemento do proxecto *“Sistemas de información de xestión dos instrumentos e procedementos de xestión de recuperación da terra agraria de Galicia”*.

Este instrumento convencional fundaméntase no Acordo do Consello da Xunta, do 1 de agosto de 2014, polo que se aproban as instrucións para o establecemento dun modelo de sustentabilidade da dixitalización do servizos públicos.

En virtude deste acordo, o desenvolvemento dun novo proxecto tecnolóxico sectorial ou dun novo sistema de información sectorial impulsado por unha consellería ou entidade requirirá dun acordo previo, onde figurará o compromiso orzamentario para facer fronte aos custos derivados da súa posta en marcha e mantemento na contía que se estableza por parte de AMTEGA.

Neste marco, por parte da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia levaranse a cabo as seguintes actuacións:

a) Desenvolvemento de sistemas de información conforme aos requisitos establecidos por AGADER en relación ao obxecto deste acordo:

- Creación dun frontal ou portal *web* que permita o acceso á información relacionadas coa xestión e situación actualizada dos instrumentos de recuperación da terra agraria de Galicia.
- Desenvolvemento dun rexistro de Banco de Explotacións de Galicia.
- Creación e acceso, en colaboración co IET, dun visor que permita a visualización das capas - proporcionadas por AGADER no formato que se estableza- dos instrumentos de recuperación da terra agraria de Galicia; así como a súa actualización.
- Desenvolvemento dun sistema alfanumérico e gráfico que permita o apoio na xestión dos instrumentos mencionados.



- Outros sistemas relacionados co obxecto e que acorden as partes, dentro dos límites do orzamento do acordo.

b) A tramitación administrativa e a adxudicación dos contratos e/ou expedientes que teñan lugar para a realización do obxecto anteriormente definido, de ser o caso.

Pola súa parte, Agader Por AGADER na definición detallada dos novos requisitos a implantar, así como na validación dos módulos e aplicacións que se desenvolvan, para permitir así a verificación da correcta funcionalidade construída de acordo aos requisitos indicados, no marco do obxecto do acordo.

Deste xeito, a colaboración ou cooperación coa Amtega consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais e recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela,

O subdirector de Planificación e Dinamización do Medio Rural

Alfredo Fernández Ríos.

Conforme coa memoria

A directora xeral de Agader

Inés Santé Riveira

